

... Outro día máis e Alfredo coma de costume levántase para ir serrar madeira ao monte co seu pai. Son anos de posguerra, difíciles, nos que escasea todo. Hai que traballar de sol a sol para sacar catro pesos, comendo un anaco de boroa e pasando todo tipo de penurias. É o mesmo que chova ou que caian os paxaros co sol, hai que tirar do tronizador para poder levar algo á boca e axudar a manter unha casa chea de xente. Así pasan os anos; na miseria, vendo os irmáns máis novos descalzos, o pai sempre a berrar, a nai tronzada a traballar...

Na mente de Alfredo empeza a entrar unha idea, marchar. As novas que chegan alén dos mares doutros veciños que emigraran alentaban o seu soño, marchar a América e facer fortuna. Armado de valor e con trinta pesos aforrados Alfredo decide botarse a conquistar o mundo, impulsado pola miseria e con bágoas nos ollos por ter que abandonar a súa casa e a persoa que máis quere, súa nai. Nunha maleta pequena de madeira meteu catro pezas de roupa, un anaco de pan e unha restra de chourizos. Aquela lixeira equipaxe é todo o que leva consigo.

Nunca pensara en ser mariñeiro, pero sabe que ao non poder mercar unha pasaxe, ten que traballar para poder custearse o traslado ata a terra soñada: América. Acaba enrolado nun mercante que fai a ruta por Canadá e Estados Unidos. Cando soubo que o próximo destino era Nova York pensou que aquela era a súa oportunidade, xa que alí vivía un veciño que seguramente non dubidaría en axudalo.

Aquel home de terra adentro que nunca estivera no mar, debutou como axudante de mariñeiro no cargueiro *Camboia*. Non pasara nin unha hora de navegación e xa non vía o momento de rematar aquela experiencia, a cabeza non

paraba de darlle voltas e no estómago non lle quedaba nada. Sen gloria pero con moitas penas, pasaron quince días e chegaron a Toronto, onde fixeron a primeira escala para descargar o carbón e cargar pezas metálicas que habían levar a Nova York.

Alfredo estaba ansioso por chegar, pero tamén o desacougaba o feito de abandonar o barco e quedar nun país estrano, cunha lingua que non falaba, onde non coñecía a ninguén, agás aquel veciño do que esperaba axuda, pero que non sabía con certeza se atoparía.

... É venres pola mañá; un barco máis atraca no peirao de Nova York; nel chega Alfredo, para quedar. Despois de acabar cos traballos propios de axudante de mariñeiro, solicítalle ao capitán permiso para baixar a terra xa que desexa visitar un amigo. O capitán retenlle o pasaporte, como era costume, e concédelle o permiso. Alfredo desembarca en Nova York, coas mans no peto, encollendo os ombreiros, porque é unha fría maná de xaneiro, e embarca na aventura americana, que vai durar toda a súa vida.

Nova York é inmensa... coches, rúas interminables, xente, confusión, balbordo... Abraiado pola enorme cidade, co medo metido no corpo, sobe no primeiro taxi que atopa; dálle a dirección á que desexa ir, sen mediar palabra. Unha suor fría empapa a súa camisa. Por fortuna o traxecto é corto. El oíra falar de taxistas que levaban a xente ás voltas unha chea de tempo para sacarlle os cartos, contos! Paga co único billete que leva enriba. Plantado no medio da rúa bota unha ollada ao seu redor. Unha ringleira de casas miserables amoréanse sobre a beirarrúa. A roupa a secar polas fiestras, unha muller en zapatillas plana

un cesto de patacas na porta dun bar. É un barrio a carón do porto, agora decátase, podía ter ido a andar. Bota unha ollada ao seu redor: bares, tabernas, restaurantes, casas de dubidosa reputación.

No número 145 vive Xerardo. O bar, un baixo escuro e estreito con catro mesas pegadas á parede que fan as veces de comedor, está claramente sinalado "Bar Gallego". Detrás da barra atópase Xerardo. Alfredo dáse acoñecer.

*- Pois non sei como podo axudarche, pénsao ben. Mira que aquí sen papeis non es nada.*

Pero Alfredo non estaba disposto a dar marcha atrás e voltar coma un fracasado, fora moito o seu empeño e tiña que seguir adiante de calquera xeito. Tras unha longa charla, Xerardo decide darlle traballo no bar e aproveitarse da situación por non estar o outro en condicións de demandar nada. Alí traballou tanto como estaba acostumado sen recibir a cambio o que por lei lle correspondería. Cando alguén de inmigración aparecía polo local Alfredo tiña que agochase ata que pasaba o perigo. Alí metido naquel soto, cheo de lixo e trastos vellos, pasou os peores momentos daqueles anos, o medo a que o colleran era grande, non só porque o mandaran de volta a España, senón pola vergoña de volver sen nada, coma un fracasado. E recoñecer que as cartas que escribía a súa nai de cando en vez eran a meirande parte, mentiras ou medias verdades. Moitas veces pensou marchar de alí, naquel tugurio pasou as que non hai. É certo que era duro saír adiante, pero Xerardo non era precisamente unha boa alma. A xente que entraba naquel bar, viña de todas partes, mariñeiros que viñan de paso en barcos que pasaban uns días cargando ou descargando no peirao, e gastaban os catros pesos que traían na taberna máis próxima. Poñían os cartos no mostrador

e Xerardo servía, e cobraba. Poñía a volta outra vez enriba do mostrador. Normalmente bebían calados, coma nun rito. Pero cando xa ían medio bébedos, empezaban a coller confianza e calquera parecía un amigo de toda a vida, ou un inimigo a morte. Entón era cando Xerardo aproveitaba para cobrar o que quería, era fácil enganalos, só tiña que coller o que lle parecía de enriba do mostrador.

A Alfredo non lle gustaban estas historias. Unha vez un mariñeiro protestou e cando quixo darse conta Xerardo xa lle dera un golpe na cabeza, para evitar destrozos no bar, que despois tiña que pagar el. Pero esta vez foi demasiado, o home morrera. Alfredo estaba abraiado. Parecía que só eles se decataran, así que o dono arrastrouno ata o soto e botouno a arder na caldeira. Ninguén ía preguntar por un mariñeiro máis que deixaba o barco para quedar nos Estados Unidos.

Aquilo foi a gota que colmou o vaso. Alfredo decidiu marchar. Soubo dun italiano que podía conseguirlle papeis. A mellor forma era casar cunha americana. Chegou o día da voda e pasaron polo xulgado con dous amigos que fixeron de testemuñas. Para validar o matrimonio a lei americana esixía saír do país, elixiron Canadá como destino porque era o máis cerca. Nas mans de Alfredo estaban por fin os papeis de residente legal, con eles había poder traballar no que quixera nas mesmas condicións que calquera americano. Pensaba que por fin acabara coa tortura daqueles dous anos no bar de Xerardo. Pero esqueceu que o que lle quedaba aos inmigrantes eran os empregos que os americanos rexeitaban.

Farto de facer o traballo que ninguén quere, decide ir vivir ao barrio hispano, alí séntese máis próximo á xente, e leva unha vida solitaria traballando como autónomo facendo todo tipo de chapuzas nas casas desta xente que polo

menos lle ofrece cordialidade e confianza. Así pasan os días. Agora a única idea que ten na cabeza e aforrar cartos dabondo para volver á terra.

Así pasan corenta anos. Corenta anos non é nada, pero é toda unha vida. Alfredo é un vello, está xubilado. Xa non hai esperanza de facer fortuna ningunha, só queda volver co que ten ou non volver máis, e morrer coma un can só e sen ninguén que teña dor del. Iso é pedir demasiado, así que volve. Coma case todos os emigrantes, cumpre o soño de toda a súa vida: volver á terra.

Mentres voa vén pensando na súa aldea, nas corredoiras que percorreu de novo, na xente que deixou e que xa non está, na lareira na que lle contaban aquelas historias que poñían os pelos de punta, na súa mocidade.

No aeroporto non hai banda, nin ningunha autoridade, ninguén lle entrega un ramo de flores; cando todos marchan só queda alá ao fondo unha muller vestida de negro que non coñece, é a súa irmá máis nova, a única que lle vive. Pola cabeza de Alfredo pasan tódalas miserias que pasou polo mundo adiante, nun mundo estrano, que nunca puido chegar a sentir coma seu. Media hora chegoulle para decatarse de que aquí tamén era un estrano, todo é novo, todo está tan cambiado. Non queda nada do que deixara ao marchar.

## II

A historia é ben coñecida, pero non por iso menos certa. O Sr. Alfredo é de Rois. Aínda vive. Ten oitenta anos e conta a súa historia a quen a queira escoitar, con normalidade, como se fose normal todo o que conta. Traballou arreo, cartos non gañou, non casou, non tivo fillos, estivo só, toda unha vida a

traballar, corenta anos fora da casa. Non volveu ver a nai, nin os irmáns. Cando volveu encontrou xente nova, sobriños e fillos de sobriños; descoñecidos. Eles preguntanlle: - *tío Alfredo ¿como non casou?*

- *Porque os que casaban non volvían. E eu quería volver.*

Ao Sr. Alfredo gústalle contar, o que conta é certo, e aínda lembra moitas cousas máis. Xa nolas contará outro día.